

PRIMEIRO ACORDO ESPECÍFICO DE COLABORACIÓN ENTRE NOVARTIS FARMACÉUTICA, S.A. E O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE, PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE INTERESE SANITARIO EN MATERIA DE FORMACIÓN, INVESTIGACIÓN E INNOVACIÓN NA ÁREA DE NEUROLOXÍA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

Que o Servizo Galego de Saúde e “Novartis Farmacéutica, S.A.”, formalizaron o 03/12/2024 o instrumento convencional arriba referido que producirá efectos desde a data da súa sinatura electrónica e producirá efectos durante un ano (03/12/2025), con posibilidade de prorrogalo, por períodos anuais e condicionado en todo caso á vixencia do acordo marco asinado o 30/06/2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto a realización do proxecto para a optimización do proceso asistencial dos pacientes con esclerose múltiple (EM), de non bo pronóstico, atendidos nos servizos de Neuroloxía e de Neuroradioloxía dos 7 Hospitais públicos (que representan as 7 áreas sanitarias de Galicia que dispoñen de escáneres compatibles de resonancia magnética) dando cobertura ao total da Comunidade Autónoma.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional asinado se fundamenta no seguinte:

As Partes están interesadas en implementar nos 7 hospitais correspondentes as 7 Áreas Sanitarias un proxecto de innovación para a mellora dos procesos asistenciais co título “ImaginEM Galicia”. O Proxecto está centrado na estandarización, depuración e optimización de procesos de xestión e clínicos, xunto coa definición e automatización de indicadores clave. En particular, o SERGAS ten detectado limitacións que dificultan o correcto diagnóstico e seguimento da evolución da Esclerose Múltiple (EM), así como a identificación dos pacientes de mal pronóstico por parte dos clínicos do Servizo de Neuroloxía dos 7 Hospitais, con oportunidades de mellora percibidas polos profesionais involucrados.

O Proxecto posibilitará a mellora do proceso asistencial avanzando na dixitalización e o estudo das posibilidades derivadas do uso de tecnoloxías que permitan:

- a) A obtención de resultados sen diferenzas inter-observador.
- b) A homoxeneización dos informes, facilitando o seguimento dos/as pacientes.

c) Mellorar resultados cos mesmos ou diferentes equipos (escáneres).

d) Facilitar o diagnóstico precoz e un seguimento máis preciso, coa conseguinte redución dos tempos de avaliación dos/as pacientes.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector público, ou outro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, estímase xustificado o recurso ao instrumento convencional asinado, con exclusión doutras figuras.

O xerente do Servizo Galego de Saúde

José Ramón Parada Jorgal.

